

L2301027 Museos situados. Educación e territorio



Total horas presenciais

16 h

Destinatarios

Todos os corpos e todas as especialidades

Indicadores de competencias

Competencia didáctica - Espazos, recursos e materiais de aprendizaxe - Intermedio - Diseña situacións de aprendizaxe nas que o uso específico e flexible dos recursos (espazos e materiais) físicos e virtuais responde ás necesidades metodolóxicas e promoven a inclusión e a equidade

Competencia dixital docente - 1. Compromiso profesional - A2 - 1.2.A.2.1. Utiliza, de forma guiada, as distintas plataformas de participación e coordinación docentes establecidas pola A. E. ou as persoas titulares do centro.

Competencia en organización escolar e colaboración - Traballo en equipo -1

Intermedio - Implícase na elaboración e coordinación, xunto con outros/as compañeiros/as, de proxectos e programas colaborativos transversais

Este curso promove dende a Rede Museística Provincial unha educación pausada, reflexiva, facendo camiño a ritmo, inclusiva, igualitaria e sostible.

Descubriremos as regalías da terra en múltiples e diversas formas a través dos contidos dos museos da Rede Museística Provincial.

Procuraremos a harmonía que facilita un desenvolvemento persoal e social equilibrados, onde o medio e a persoa van parellos.

Nas actividades os puntais clave serán a escola e os museos, traballando xuntos como ferramentas de transformación social (ser e facerse, construíndonos unhas con outras). Resulta básica a asimilación de coñecementos para o desenvolvemento dun pensamento crítico e propio das crianzas.

Inscrición

A través de Fprofe

Obxectivos

1. Explorar, coñecer e transmitir os saberes do rural como parte intrínseca do ser comunitario.
2. Crear e asentar no alumnado o sentimento de orgullo do propio e a pertenza a un territorio maiormente rural, a partir da súa compresión e dos valores que o constitúen.
3. Dinamizar o coñecemento desde a acción e a cooperación directa coas persoas que habitan o territorio e cos axentes sociais e educativos.

Contidos

1. A educación en contextos rurais como escenario de cambio cara a unha educación inclusiva.
2. Os museos como institucións para a dinamización do territorio: retos e desafíos.

3. Museos e educación patrimonial: contextos para a innovación e a inspiración de valores.
4. O valor educativo dos museos a través das súas propostas didácticas.
5. Internet como medio para a salvagarda do patrimonio.

Mércores, 29 de maio (San Paio de Narla)

16:00 – 16:45: Saída de Lugo e viaxe ao Museo de San Paio de Narla

16:45 – 17:00: Presentación das xornadas e entrega de material

17:00 – 18:00: mesa compartida *"Simbiose escola e territorio"*, a través dos proxectos:

- Ceip Terra Chá (Román, Vilalba) e o seu *"Espazo agropecuario Terra Cha" para os pequechás*. J. Manuel López Barrio, director do centro
- IES Basanta Silva (Vilalba) e a biblioteca do centro, *Biblioteca Agustín Fernández Paz, como centro de dinamización e integración social, territorial e cultural*. Sabela Figueira Tenreiro e Almudena Falcón Folgueira.

18:00 – 18:15: Descanso

18:15 – 18:45: *"Faino teu. Novas experiencias dende o Museo das Mariñas de Betanzos"*, Ángel Arcay Barral. Director da Biblioteca, Arquivo e Museo das Mariñas do Concello de Betanzos.

18:45 – 19:15: Visita guiada San Paio de Narla

19:15 – 19:45: *"O museo nunha caixa. Investigar, xogar e descubrir o territorio cos museos da RMPL"*, Silvia Fiallega Lorenzo (RMPL)

19:45 – 20:00: Debate e clausura.

Xoves, 30 de maio (Museo Provincial de Lugo)

16:00 – 16:30: *"Proxecto Neo: a radio educativa ao servizo da cohesión social"*. IES Perdouro (Burela). Bernardo Penabade.

16:30 – 17:30: Actividade *"Museo, xénero e inclusión"*, Verónica Fernández e Ángeles Miguélez, da RMPL.

17:30 – 17:45: Descanso e traslado á SALA DE EXPOSICIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO (S. MARCOS)

17:45 – 18:45: mesa compartida *"Acción comunitaria: identidade e memoria"*

- Museo Os Oleiros (Concello de Oleiros), Ana Justo Rajó.
- Instituto de Estudos Ulloáns, proxecto *"Corcosendo"*, Patricia Coucheiro (comisaria) e Susana Varela Negro.

18:45 – 19:30: Visita mediada á exposición do proxecto *"Corcosendo. A memoria das costureiras da Ulloa"*.

19:30 – 20:00: Debate e clausura

Mércores, 5 de xuño (Pazo de Tor)

16:00 – 16:45: Saída de Lugo e viaxe ao Pazo de Tor

16:45 – 17:45: mesa compartida *"Museos e territorio. Do local ao global, do rural ao urbano"*:

- Susana Hevia González, directora do Museo Etnográfico de Grandas de Salime.
- Fernando Sáez Lara, director do Museo Nacional de Antropología.

17:45 – 18:00: Descanso

18:00 – 18:30: *"Investigación educativa. Proxecto Proba de Concepto"*, Cosme J. Gómez Carrasco, Catedrático de Didáctica das Ciencias Sociais da Universidade de Murcia.

18:30 – 19:00: *"Investigación educativa na RMPL (2024). 25 anos dando tempo ao tempo"*, Encarna Lago González, Xerente da RMPL.

19:00 – 19:40: Visita mediada ao Pazo de Tor: *"Soterradas: Historia do futuro"*

19:40 – 20:00: Debate e clausura

Xoves, 6 de xuño (Pazo de Tor)

16:00 – 16:45: Saída de Lugo e viaxe ao Pazo de Tor

16:45 – 18:30: mesa compartida *"Museos. Educación, acción comunitaria e programas públicos"*:

- *"DIM 2024. Museos para a educación e a investigación"*, M^a Auxiliadora Llamas Márquez, Presidenta de ICOM España
- *"Prado Educación. Transformación do relato desde a acción educativa"*, Ana Moreno Rebordinos, Coordinadora General de Educación do Museo do Prado
- *"Acción Comunitaria, Programas Públicos e Comunicación do MNAC"*. Guillem d'Efak Fullana-Ferré, responsable de Acción Comunitaria, Programas Públicos e Comunicación do Museu Nacional d'Art de Catalunya (MNAC)

18:30 – 18:40: Descanso

18:40 – 19:10: *"Onde habitan os feitos. Do documento histórico ao discurso educativo"*, Simón Vicente (RMPL).

19:10 – 19:50: *"Revirando a educación patrimonial, relacións co corpo, o espazo e as persoas"* María Cacheda Pérez, Xestora do patrimonio cultural e arqueóloga especialista en educación patrimonial, vencellada á Agència Catalana del Patrimoni Cultural e á Universitat Oberta de Catalunya. Especialista en educación patrimonial e perspectiva feminista.

19:50 – 20:00: Debate e clausura

Observacións

Máis información no curso creado na aula virtual do CFR:

1. Entrar na web do CFR de Lugo.
2. Pulsar en Aula virtual.

3. Pulsar na categoría Área Lingüística e Social.

4. Entrar no curso: L2301027 – Museos situados. Educación e territorio

Ou ben directamente a través da seguinte ligazón:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/cfrlugo/aulavirtual/course/view.php?id=1388>

Para a correspondente certificación é obrigatoria a asistencia do 85% das 16 h de sesións formativas e a entrega da proposta didáctica da fase en rede (Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia).

Desprazamento.

A cargo da organización facilitarase autobús gratuito para o desprazamento.

Facilitarase o lugar de saída ás persoas que **confirmen** a asistencia á actividade e envíen correo notificando que queren utilizalo a:

cfr.lugo.linguisticosocial@edu.xunta.gal

Coordinación

Encarna Lago González, RMPL

Marta Arias López, CFR de Lugo

Secretaría técnica, Silvia Fiallega Lorenzo, RMPL